



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º.....

Serie A N.º 3661629

DECRETO 42/2019

APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL AUGA 2º SEMESTRE 2018.

Elaborado polos Servizos Municipais a relación de contribuíntes beneficiarios do servizo de abastecemento de auga domiciliaria correspondente ao 2º semestre de 2018, esta Alcaldía- Presidencia, no exercicio das competencias que se lle atribúen polos artigos 21.1 a) f) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local 61.1 a) p) s) da Lei 7/1997 de 22 de xullo de Admón. Local de Galicia; visto o contido da ordenanza fiscal 1/98 pola subministración de auga corrente aprobada polo Pleno da Corporación en sesión 29.09.2011 (BOP nº 35 de 11.02.2012);

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- APROBAR o Padrón correspondente ao servizo municipal de subministración de auga corrente integrado por 97 usuarios, cun importe total de //2.458,02€// (incluído canon cota fixa, variable e consumo), no período 2º semestre 2018.

SEGUNDO.- Que de conformidade co establecido no artigo 45.1 do Regulamento do servizo de subministración de auga corrente, os usuarios disporán de UN MES natural para face-lo pagamento en vía voluntaria, prazo que comezará a contar dende a publicación do anuncio no taboleiro edital, lugar de costume e na pax. Web. do Concello.

Publíquese o anuncio correspondente, procédase ao cobro en período voluntario e á vía de constriximento nos supostos de impago; todo elo tal e como se refire o artigo 45 do Regulamento.

Así o dispoño, como Alcalde- Presidente, San Xoán de Río, a sete de maio de dous mil dezanove. A Secretaria. Dou fe.

O ALCALDE.



Asdº: Luís Castro Álvarez.

A SECRETARIA.



Asdº: Ana Robles Gómez.